

Amigas e amigos, grazas. Dise pouco grazas, e dise pouco perdón. Eu de momento vou dicir moitas veces grazas, xa veremos ao final se tamén teño que dicir moitas veces perdón.

Grazas porque por primeira vez podo dicir “amigas e amigos” dende un balcón, e dicilo literalmente. Grazas porque hai vinte anos eu era o que pechaba as festas e apagaba as luces, e hoxe teño que abrir unha, a máis importante de todas, e acender os focos, e todo isto, por primeira vez, vestido. Grazas, señor alcalde, señoras e señores membros da Corporación, miñas veciñas e meus veciños todos; eu sempre digo que só se pode presumir do que un fai, non de onde un nace, xa que iso é cuestión de sorte, e aquí estou nervioso como un pobre patriota porque de tódalas sortes que eu tiven na miña vida, e non foron poucas, a maior de todas foi vir nacer na familia na que nacín e na terra na que me criei. Por todo iso, moitas grazas, moi compracido, moi emocionado, eternamente honrado.

(E moi ledo, neste balcón tan alto, de non ser inglés. De momento aos galegos nos balcóns chéganos con mirar o chan, non fai falla tirarse para probalo cos dentes).

Aínda que debo contar que así foi como coñecín eu Pontevedra. Metéronme con cinco anos nesta cidade polo garaxe, como se fose a Audiencia Nacional. Cheguei novo a un edificio novo, subín polo ascensor á miña casa e a primeira vez que baixeí á rúa - vivíamos, vivimos, nun primeiro- fíxeno polas escaleiras para ir á escola. Non sei se foron os nervios ou a torpeza, ou unha mistura explosiva das dúas cosas, pero tropecei no segundo chanzo e fun a rolos para abaixo meténdome un trompazo de escándalo. Entón levantei a cabeza, entre berros e as bágoas, e atopei a un veciño que me miraba espantado. E díxome moi serio: “¿Puedes explicarme qué forma es esa de bajar las escaleras?”.

Esa era a miña Pontevedra, a Pontevedra que coñecín entón e que xa non me abandonou nunca. Desde entón baixo sempre igual as escaleiras, entro igual a todas partes, porque ao minuto de chegar aquí decateime de que isto non era unha cidade: era unha escola. A escola Pontevedra, dinme cando vou por aí; a escola que che ensina a facer o que che da a gana, sen facer dano aos demais, e chamalo “estilo”. A escola duns códigos que moitos aprendiamos no barrio de Campolongo: se che prestan, devólveo; se vas dicir algo, procura que sexan palabras doces por se as tes que tragar; saúda sempre cando subas os chanzos para que te saúden cando baixes. E xa persoalmente, para min un lema de vida cando as cousas se poñen feas, esta frase que lle roubei a Ernesto Sevilla: “Nunca podréis conmigo porque soy idiota”.

Como vós me emprestades, eu devolvo; e devolvo co único que sei facer cando teño que escribir: facer de Pontevedra a medida de tódalas cousas, que é o mesmo que facelo da miña vida. Sen patriotismos e sen pailanadas, sen pensar que estou na mellor cidade do mundo, sen dicir que o que pasa aquí non pasa en ningures, e sen dicir que como aquí, en ningún sitio. Oia, pois mire: depende. Pero hai cousas que non dependen. Eu vou a contar as miñas. Isto non vai ser un paseo turístico no que eu lles diga “Pontevedra, que bonita eres”, as súas prazas, monumentos e grandes persoeiros. Isto é un conto importante para min e que pode ser importante para alguén.

Aos poucos días de chegar eu ao colexio público Campolongo, todos os rapaces do meu curso ían no recreo ao edificio do parvulario. Por alí había un buraco polo que saía, de cando en cando, unha man vermella. Fun varias veces alí e nunca a mirei, pero eu cría naquela man porque estaba disposto a crer calquera cousa. Con ese espírito, aos poucos días inventei unha identidade imaxinaria. Alguén que sobrevivise en Pontevedra se eu non era capaz, xa que non sabía nin baixar os chanzos. E ese rapaz acompañoume sempre, creceu comigo, mirou as mesmas cousas ca min, coñeceu as mesmas persoas ca min. Todo o que eu non podía conseguir, dentro da miña cabeza, el facíao de contado: ser un superheroe que salvase a cidade de infinitos malvados, que eran esencialmente os rapaces que me caían mal no cole, algúns deles hoxe os meus mellores amigos; ser o mellor tenista do mundo, ser o mellor ciclista do mundo, ser o mellor futbolista do mundo.

Para ser todo iso, había que facer moitísimo exercicio, así que puxen a ese rapaz imaxinario a adestrar e eu adiqueime ao que mellor se me dá nesta vida: miralo todo. Dicíao miña nai, se eu lle dicía algo: se queres miro para ti. Pois si. Eu miraba para ela. Podía estar horas sen facer outra cousa. Xa tiña a outro traballando para ser o mellor do mundo, así que a miña profesión era ser o pontevedrés lento que anda por aí con ollos de papán tomando nota de todo, escribindo de todo, namorándose de todo.

Aprendín que non hai que ser nada do mundo, hai que ser algo da casa. Pero aos rapaces pérdenos a imaxinación, esa é unha das fortunas que temos de nenos. Eu pasaba a semana en Pontevedra e marchaba a fin de semana a Sanxenxo, e alí, aos meus amigos, faláballes da vida que non tiña, das aventuras con amigos imaxinarios que aínda non coñecera, das cousas increíbles que me pasaban na cidade, das rapazas que me gustaban e que me facían caso, das rapazas coas que saía. Eu en realidade estaba case sempre metido na casa, un piso en Rosalía de Castro, entón Salvador Moreno. Pero lembro que escribía cartas, e lembro que cada venres faláballe aos meus amigos de Sanxenxo de prazas coma esta, como a da Verdura ou a da Leña, sen saber que existían. Eu inventei Pontevedra antes de coñecela, eu visualicei esta cidade cando era un neno que tiña que deixarme levar pola fe antes que polos feitos.

Sabedes eses amores de verán? Unha rapaza ou un rapaz chegaba a clase ao instituto e falaba dos seus amores de verán, nenos e nenas que só existían na súa imaxinación, pero tí non ías ir ao pobo a comprobalo. Cando chegaba outubro e falaba deses amores de verán, preguntábame se non habería un mundo paralelo no que existisen as persoas que inventamos para facer a nosa vida máis levadeira. Para facernos, desde outro mundo, o noso máis fácil.

Pois eu un día atopeinas a todas, atopeinos a todos. Un día, xa maior, descubrín que todo era verdade. Que aqueles amigos imaxinarios e as súas aventuras, que aquelas prazas e aquelas rúas, que ata aquel xornal no que soñaba escribir con 14 anos, o Diario de Pontevedra, existía tamén. Por existir ata existía alguén chamado Belén López, con iso si que non contaba: cría que xente así xa se extinguira. Existían as fontes das Palmeiras e de San Francisco nas que eu contaba que me tiraban ao acabar o curso. Existía Mourente e a Caeira onde xogar ao tenis. Existía a rapaza que máis me gustaba aos quince anos, ¡e saíu comigo! Existía ata ese señor maior, culto e crápula de mocidade, que estivo en París e

escribiu e editou poesía, existía, e tiña pelazo de vello: esa personaxe literaria existía, e funo ver ao seu hospital de Madrid cando morría, “había perdido kilos, seguía sendo hermoso y seguía teniendo el brillo de los hombres de talento que se llevan consigo una parte de la historia, la que ocurrió y la que se dedicaron a inventar. Decidí en ese momento que mi aspiración en la vida sería que mis amigos me mirasen como nosotros mirábamos a Sabino Torres, y que siempre le recordaría muriendo con la misma elegancia, la misma cultura y la misma belleza con la que vivió”. Existía o primeiro de todos, Anxo Iglesias Zaldívar, cando non coñecía a ninguén no colexio o primeiro día e preguntoume se quería correr con el; tiñamos seis anos, e hoxe os nosos fillos teñen seis e corren xuntos. Existiamos todos. Existía Manuel Moldes para pintala, Rafa Ceresuela para levarnos a Primeira, María Victoria Moreno para escribila; somos o que somos porque os que morreron o foron.

Esa cidade que eu imaxinara fíxose realidade. Podía tocala. Ese era o soño pontevedrés, que cada un inventase o seu futuro e que a cidade conspirase ás súas costas para facelo realidade. Uns poucos amigos, algún paseo polo mar: hai poucas cousas menos caras que o amor.

Non sei se pasa en máis sitios: foi como se de repente todo empezase a levitar tal e como imaxinara Torrente Ballester. Escribín de todas e de todos, querida familia Bóveda, querida Amalia. E ese mundo levantouse ao mesmo tempo que nos levantamos nós, pontevedreses a tempo completo e non pontevedreses novos ou pontevedreses de adopción porque esa categoría aquí non existe: dáse de beber a quen pasa sen preguntar, e se pregunta, dáse a nacionalidade. E déixenme que diga algo: nestes tempos nos que tantos carnés se lle pide aos visitantes en tantos sitios, é unha felicidade saber que en Pontevedra a igualdade non é unha palabra baleira nin baleirada.

Miren. Só hai que pedir unha cervexa e sentar nunha terraza. Un día preguntáronlle a Juan Marsé que era para el “a cultura”: estar sentado na rúa en paz consigo mesmo e cos demais.

En 2001 fun a Brión a entrevistar a Víctor Freixanes, pregoeiro aquel verán das festas da Peregrina. Botamos a mañá falando. Contaba e contaba case ata as bágoas as rúas de cando era neno, os amigos de entón, o que significaba Pontevedra para el. Volvín ao xornal pensando que non había orgullo maior que aquel, ser o cantor da cidade da túa vida nas súas festas máis grandes. E eu, que tiña 23 anos e soñaba con moitas glorias, non podía nin soñar coa máis grande de todas: que te queiran na casa, que te queiran os teus. Emocionado e feliz, miña Pontevedra. Sempre namorado de ti.